

NARRATIVA

Tres historias de misterio e unha aventura no Irak



Dous libros moi apropiados para a mocidade

Títulos: Tres pasos polo terror / *Irmán do vento*.
Autores: Agustín Fernández Paz / Manuel Lourenzo González.
Editores: Xerais.

Chéganos tres historias de misterio da man de Agustín Fernández Paz, o que é un aval, pois o autor de *Cartas de inverno* ou *Aire negro* móvese con moita soltura nas cenagosas atmosferas que desembocan no terror. Das tres, as dúas primeiras son historias curtas. A primeira delas, conta a xeito de memoria o terríbel suceso que lle aconteceu a un arqueólogo do Museo de Lugo, un ser obsesionado coa ofiolatría, fascinado polo mundo das serpes e os cultos de que foron obxecto en tempos de antano. Tendo seis capítulos, a historia realmente desenvólvese en cinco, xa que o primeiro ten a misión de situar o lector nunha atmósfera de angustia que xa non abandonará cando, nos seguintes capítulos, desenvolva a acción que xerou esa situación inicial. Estratexia á que hai que engadir un acertado uso do resumo, de xeito que a narración avance cun ritmo absorbente e nos domine os sentidos por completo. Un cóctel de grolo curto onde non falta un intermedio mito de eterna mocidade, mais, sobre todo, non faltan desordes estraños e nerviosismo, como síntomas de que algo moi trascendente está por suceder. E ese algo ten moito a ver con esas atávicas crenzas que gardamos agochadas dentro de nós até que unha man experta as esperte para deixarmos definitivamente o medo metido no corpo.

A segunda historia, máis curta aínda, lévanos ao Camiño de Santiago. Unha familia decide facelo desde o Cebreiro, por ver se mellora a comunicación entre eles dotando as súas vidas dun proxecto común. Mais, unha vez no Cebreiro, as cousas tórcense e non saen como tiña que ser. Primeiro aviso de que algo anormal vai acontecer, mais aviso que non consideramos estraño, que entra dentro dos imprevistos posíbeis. Vense obrigados a permanecer en Liñares por algúns días e entón pasan a ter moita importancia as atmosferas (interior e exterior) pintadas por Fernández Paz, cousa que entenderemos cando a historia conclúa, nese epifánico momento no que volvemos a vista atrás para comprobar como do aparentemente normal pode xurdir o inexplicable. Un relato con protagonismo para unha moza, que introduce o tema do amor, e que ben se podería inserir nalgo semellante ao que Manuel Rivas chama realidade intelixente.

Finalmente, a terceira historia pode considerarse unha novela breve. Contada a xeito de memoria, como as outras dúas, narra a historia dun mozo que chega a



Agustín Fernández Paz e Manuel Lourenzo González.

unha vila onde hai un faro, unha estraña construción que o atrae, mais ninguén quere satisfacer a súa curiosidade. Por suposto, non poderá vencer esa atracción. A transgresión da norma é unha das constantes neste tipo de relatos, e este contén abondas constantes xenéricas, velaf, por exemplo, o azar, a soidade, os avisos, a curiosidade, os tabús, atraccións irrreptíbeis, confesións, sangue xeadado, débedas, cousas inacabadas ou os murmurios. Historia onde a descuberta do misterio leva aparelada unha outra descuberta, a do amor, polo que se lle engade a emoción dos primeiros bicos, o espertar a un novo mundo de sensacións. Historia, con Lovecraft de fondo, desde o capítulo dous, onde hai unha referencia a *Os mitos de Cthulhu*, proxecto no que Lovecraft integrou amizades súas que retomarán o feito por outros. O resultado divide opinións e é para uns obxecto de culto, mentres para outros non pasa dun experimento máis; de todos xeitos, máis adiante incorpórase á nómima *A metamorfose e O proceso* (Kafka), *A peste* (Camus), *Longa noite de pedra* (Celso Emilio, si tamén hai horror nela), *Crónicas marcianas* (Bradbury) e o *Retrato do artista canda novo* (Joyce), perfectamente incorporados á acción narrativa e que á vez fornécenlle aos lectores novos títulos que non os han defraudar, algo moi importante, pois ler un libro e gustar del acontecelle a moitos, o problema está en que os seguintes títulos escollidos non defrauden.

■ O PREMIO MERLÍN DE M. LOURENZO GONZÁLEZ

Mais queremos tamén comentar a aventura de *Irmán do vento*, que, ao igual que os relatos de misterio de Agustín Fernández Paz, seguro será tamén un título moi lido e disfrutado por mozos e mozas. A novela coa que M. Lourenzo Gonzá-

lez obtivo o Premio Merlín do ano pasado ofrece dúas aventuras polo prezo dunha. O protagonista da acción principal é un rapaz montañés (Khaled) da tribo dos koblai que escribe unha serie de cartas (lembramos *Memoria dun novo labrego*) a un occidental onde conta a súa vida, os seus amores, unha historia que el inventa e que nalgunha pasaxe ten certo parecido con Tarzán, e a procura do seu pai (Marco buscaba á nai), que o leva a percorrer boa parte dun país levantado contra a invasión estadounidense no que se chamou Segunda Guerra do Golfo. Esa é realmente a novela, que tamén conta cun prólogo e un epílogo tratando de xustificar esas cartas, mais en boa maneira innecesarios xa que as misivas xustificanse por si soas na necesidade de ofrecer unha visión non terxiversada da

vida no Irak e do desenvolvemento do conflito, desde a perspectiva duns ollos adolescentes. Aínda que escrito por un occidental, detrás de *Irmán do vento* hai un importante labor de documentación e a vida que se le nas súas páxinas ten recendos de autenticidade, está descrita con axilidade e destreza narrativa, o que é mérito a engadir á emocionante procura do pai. Paralelamente, váisenos contado unha outra historia, inventada por Khaled, na que hai outro asunto amoroso entre adolescentes de distinta condición social (como Khafeid e Amrah) e outra invasión, mais neste caso non por parte de occidentais infieis. Deste xeito, na novela contrastan a crueldade da guerra (con pasaxes arrepiantes) e a tenrura do amor. ♦

XOSÉ M. EYRÉ

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. O RIXE. Séchu Sende. *Galaxia*.
2. OS MEUS OLLOS. Ramiro Fonte. *Xerais*.
3. O LAGO DE COMO. Ramón Chao. *Xerais*.
4. ENTRE FRONTEIRAS. Xavier Alcalá. *Galaxia*.
5. SOLIMÁN. Xesús Fraga. *Xerais*.

NON FICCIÓN

1. HISTORIA DE GALICIA. Ramón Villares. *Galaxia*.
2. RESISTENCIA, GUERRILLA E REPRESIÓN. Bernardo Máiz. *A Nosa Terra*.
3. ESPAÑOIS TODOS. Suso de Toro. *Xerais*.
4. XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ. Clodio González. *Toxosoutos*.
5. ENREDOS. Xaquín Lourenzo. *A Nosa Terra*.

Librarías consultadas:

Cartabón (Vigo). Couceiro (A Coruña). Michelena (Pontevedra). Pedreira (Santiago). Souto (Lugo). Torga (Ourense).